

PORTELA VÁZQUEZ, Alberto Manuel, *As obras inéditas de Prado Lameiro*, Deputación Provincial, Ourense, 2023, pp. 151-54.

## DIALOGUIÑO DO ENTROIDO

### ESCENA ÚNECA

*A escena representa unha plaza d unha cidadá con asentos d unha banda e d outra. N-o banco do primeiro térmo, dereita, aparece sentado o tío MANOEL, home d us cincuenta anos, y-a pouco sai unha MÁSCARA, que sémella moi ben sere femia, e sentase n-o banco de frente. O labrego olla de cote pr á mascarita, e tira os traballos pra faguer un cigarro o xeito aldeán. Dispoixas irán ambos faguendo a según o diálogo o marca.*

MÁSCARA: Olla si pícal-os dedos.

MANOEL: Y-hastra os picarei, pro a culpa non será miña.

MÁSCARA: ¿E logo de quén ha sere?

MANOEL: D os poucos cartos, que me fan aporbeitar hastr o cabo os cigarrillos; e mas tua, que por te mirar cuase me esquece o que fago.

MÁSCARA: Y-enton, ¿por qué me miras tanto?

MANOEL: Eh... porque me gustas. Es feitiña coma unha moneca.

MÁSCARA: Moitas gracias. E ti és gabadeiro como un señorito pernil.

MANOEL: Pernil.

MÁSCARA: Si; agora n-a vila os homes y-as mulleres téñenche nomeadas de comer. Mulleres xamon, homes froita...

MANOEL: E non está mal, porque, á verdade, ti por un exemplo, debes sere bén máis gustosa con prato d arroz dulce.

MÁSCARA: Olla si bates co eslabon n-as uñas.

MANOEL: Baterei hastra n-as ventas; contigo diante perdense os tontos; que un rayo me fenda.

MÁSCARA: Si te oubira a tua muller dicirme esas cousas... porque ti tés cara de casado.

MANOEL: E serein-o, pro, a miña dona xa está afeitada ás miñas trangalladas. Ademais, hastr o touciño entrefrebado cansa si llo dan a un de cote.

MÁSCARA: ¿E ti d onde vés a sere?

MANOEL: Eu non che sei. Nacer dín que nacín en Casardeito, pro, quén se fia n-os ditos da xente.



- MÁSCARA: (*Erguéndose e vindo a sentarse n-o mesmo banco do tío Manoel, moi pretiño d íl, y-arremangando algo demais as faldas*). Y-anque sexa moita curiosidade, ¿Qué vés faguer por eiquí?
- MANOEL: (*Ollando moito pr ás pernas da endevida, e pr o peito, e pr á cara*). Viñen pasalo entroido á vila, y-o mesmo tempo mercar unhas chafalladas.
- MÁSCARA: Enton trás cartos e podías convidar.
- MANOEL: E ti dispoixas, ¿convídasme a min?
- MÁSCARA: Eu non teño cadela; xa acabei cantas tiña.
- MANOEL: Non é perciso; as mulleres sempre tendes que dar inda que non teñades cartos.
- MÁSCARA: Non vexo.
- MANOEL: Nin eu tampouco, pro, se me das licéncia, eu che atoparei que dar.
- MÁSCARA: Boeno, boeno. Es moi cuco. Olla: pol-o de pronto, vaime dando un cigarro.
- MANOEL: (*Asombrado*). ¿Pro ti fumas?
- MÁSCARA: Ou. Dende os catorce anos.
- MANOEL: Enton ti és... vamos...
- MÁSCARA: Eu son unha muller de bén. Oxe n-as vilas é moda fumar as mulleres.
- MANOEL: Será, chacha, será; pois, sexa pol-a falta de costume ou polo-o que sexa, a min parece que me non aquece vel-o.
- MÁSCARA: ¿Si? Boeno; pois non fumarei; pra que vexas que quero contentarte.
- MANOEL: Moitas gracias. ¿E ti és señorita, ou criada, ou que rabia és?
- MÁSCARA: Eu son filla de meu pai.
- MANOEL: De tua nai dirás, que é conta máis segura.
- MÁSCARA: De miña nai e de meu pai, porque coído que sin pai non poderá haber fillo.
- MANOEL: Non sei. Hoxe os adiantos son adoecidos e si cadra hasta poderá haber fillos sin pai.
- MÁSCARA: ¿E ti pra que queres saber o que son?
- MANOEL: Home... porque as veces está un home perdendo o tempo, y-eu son pouco amigo d eso.
- MÁSCARA: ¿E logo non-o perdes o mesmo sexa eu señorita ou artesana, ou o que sexa?

- MANOEL: A conta non ch é a mesma. Si eu trato con xente da miña igualdá, vulo máis; e si trato con outra, tenderei que andar con mais revoltas. Escoita: ¿Por qué non tiras ise atadallo da cara?
- MÁSCARA: ¿E pra que?
- MANOEL: Pra te conocere; que xa non é a primeira que atopo con moita fantasía y-a cara parece a d un marrau chino.
- MÁSCARA: Pra ti hache sel-a mesma conta; goapa ou fea, terás de te conformar con parolas.
- MANOEL: Bén; mais inda esí, hastr á parola é mais xeitosa con muller bunita.
- MÁSCARA: Pois faite de conta que estás falando co a mais feiticeira das mozas d esta vila.
- MANOEL: To, to, to. A min deixame de feguracios (*Mirandoa asegún di*). Ti pol-as partes de baixo, non estás mal confeccionada. Por riba, tamén tel-o teu, pro... con eso e con todo, a cara éche o espello da y-alma asegún dixo non sei quén.
- MÁSCARA: Eu asegúroche que a miña cara está bén axeitada o meu corpo.
- MANOEL: (*Surrindo malicioso*). No... enton... nai que te pariu...
- MÁSCARA: Boeno, xa vexo que és un agarrado que se non tira de ti senon parola, y-eu ando á percura de quén me convide; voume. (*Fai aceno de se erguer*).
- MANOEL: (*Agarrandoa por unha mau*). Agarda. Agarda, que se cadra inda fagumos feira.
- MÁSCARA: Pois vule; si non...
- MANOEL: E vamos a ver: si t eu convido, ¿onde imos dispoixas?
- MÁSCARA: Imonos deitar.
- MANOEL: ¿Afellas?
- MÁSCARA: Afellas; hanche sel-as nove, y-eu as déz teño que estar n-a casa, senon meu pai ándame co lombo.
- MANOEL: Pro, enton, ¿onde nos imos deitar?
- MÁSCARA: ¿Onde? Eu n-a miña casa, e ti n-a pousada.
- MANOEL: Ou, que demoro; eu crein que...
- MÁSCARA: Hay, tío Manoel, tío Manoel...
- MANOEL: (*Asombrado*). ¿E ti como sabes que me chamo esí?



MÁSCARA: Porque eu sein-o todo.

MANOEL: Va que és a filla do Zugado de Piñeira?

MÁSCARA: A mesma, tio Manoel, a mesma. ¿E vostede inda me non conocera?

MANOEL: C'un rayo me fenda si te conocera. Eu sabia que estabas a servir, pro non sabía si era eiquí ou en Ourense.

MÁSCARA: Pois estou eiquí, pro non diga nada de canto falamos.

MANOEL: Vaite, muller, vaite. A min xa me parecía que vira n-outra parte ise xeito de corpo. E xa vexo que me non enganabas cando dicias que tiñal-a cara o ser do corpo, porque é verdade que és unha moza baril. Vaite, vaite, co a Rosiña. Quén había de dicir que nos habíamos atopar por eiquí ambos dous...

MÁSCARA: E verdade.

## UN PAROLEIRO

Boas noites, señoritas.  
Boas noites, caballeros,  
Perdoarán vostedes  
que esí, sin máis nin menos,  
saya de eiquí pra falarlles,  
pro, eu son un paroleiro  
y-estes meus amiguiños  
empeñáronse en eso,  
en qu' eu había salire;  
hasta aquí, d' iste xéito,  
c'uistes catro farrapos,  
os millores que teño.  
Boeno; pois, meus amigos,  
quixera compracel-os  
a vostedes y-a íles,  
pro, ¿cómo?... Non entendo  
d'ise falar frofido  
que algús fillos do demo  
téñen sempre dispósto  
a fuguirlle d'os beizos,  
nin sei cousa que poida  
a vostés destraelos. *(Pausa)*.  
Coiro; en qué compromiso  
íses che' me meteron. *(Pausa)*.  
Boeno; agora xa estou  
metido n-iste enredo  
e xa non hay maneira  
de saír d' íl; veremos  
si m' afogo ou me salvo.